

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS II PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS DE AGARDA PARA COBERTURA TEMPORAL DE VACANTES, ENTRE OS CANDIDATOS QUE FIGURAN NA LISTA PREVIA DE CAPATAZ, PERFIL PROFESIONAL “TRABALLOS AGROFORESTAIS”.

Resolución do Director Xerente de SEAGA, de 12 de maio de 2017 pola que se convoca proceso de selección para a elaboración das listas de agarda para a cobertura temporal de vacantes en traballos relacionados coa Prevención, Defensa e Extinción de Incendios Forestais, entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Capataz, perfil profesional “Traballos Agroforestais”.

En uso das facultades conferidas no punto 3 das Bases para a selección de persoal temporal, da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), Diario Oficial de Galicia do 28 de abril de 2010, o Director-Xerente de SEAGA

DISPÓN

Convocar un proceso selectivo para a elaboración de listas de agarda para a cobertura temporal de vacantes de persoal, entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de **Capataz**, perfil profesional “**Traballos Agroforestais**”, con suxeición ás seguintes bases específicas II da convocatoria:

1. NORMAS XERAIS.

1.1. Obxecto do proceso selectivo.

O obxecto deste proceso será a regulación dun sistema de selección de persoal para a cobertura, con carácter temporal, das vacantes que poidan existir na categoría profesional de Capataz, perfil profesional “Traballos Agroforestais” en traballos relacionados coa Prevención, Defensa e Extinción de Incendios Forestais nos seguintes ámbitos: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

1.2. Requisitos dos candidatos.

A inclusión dos candidatos no sistema de listas previas non presupón que á data da presente convocatoria sigan posuíndo os requisitos que se lle esixiron para o ingreso no sistema de listas previas, polo que se advirte expresamente que os candidatos deberán posuír á data da presente convocatoria, e manter ata o momento de formalización, de ser o caso, do correspondente contrato, os mesmos requisitos que se lle esixiron para o ingreso na lista previa correspondente. De tal xeito, poderáselles volver a requirir aos candidatos os documentos que acrediten os anteditos requisitos. Se no caso de superar o proceso selectivo e antes de formalizar o correspondente contrato, se constata que os candidatos non posúen algúns dos requisitos esixidos, decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

1.3. Solicitudes.

Os candidatos serán chamados a partir da lista previa correspondente, estando exentos da presentación de solicitude.

1.3.1. Documentación a presentar.

Formación Profesional Baremable: Só se tomará en consideración a efectos de valoración de formación a documentación a que fai referencia o apartado 2.3 das presentes bases.

Será baremable a formación adquirida ata o día (inclusive) da publicación do anuncio indicativo de esta convocatoria no D.O.G.

Certificado Médico ou Informe de Saúde: para a realización das probas físicas os candidatos deberán aportar, o mesmo día da proba, Certificado Médico Oficial ou Informe de Saúde, segundo o disposto no apartado 2.2.1.

1.3.2. Lugares e prazos de presentación de documentación e/ou reclamacións.

A documentación esixida polas presentes bases (agás o disposto no punto 2.2.1: certificado médico ou informe de saúde, que se presentará no lugar de realización da proba) e a/as reclamación/s que se poidan achegar e/ou efectuar segundo o disposto nas presentes bases, deberanse presentar:

- nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a xoves, en horario de 09:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h. e os venres en horario de 09:00h a 14:00 horas.
- nas seguintes oficinas, de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00 horas:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lugar de Cabanas - Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

A Comisión de Selección fará público a través da páxina web de SEAGA, o período da apertura do prazo de 3 días hábiles, para a presentación de documentación a que se refire o apartado 2.3 (Formación Profesional Baremable).

Toda documentación que se presente haberá de estar cotexada, e ós efectos de cotexo da documentación, admitirase a documentación cotexada por SEAGA e a cotexada polas Administracións Públicas, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por Notario. A estes solos efectos, enténdese por Administración Pública:

- a) a Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local.
- b) os Organismos Autónomos, as Entidades Públicas Empresariais, as Universidades Públicas e as Axencias Estatais.

No caso de documentos redactados en idioma distinto do galego ou do castelán, haberán de vir traducidos por intérprete xurado e con firma lexitimada ante Notario.

A documentación e/ou reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de documentación e/ou reclamacións en oficinas distintas das sinaladas na convocatoria non serán tidas en consideración no proceso (por exemplo: portelo único, oficinas do servizo de correos...).

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico, no número 981 546 127, de luns a xoves, en horario de 09:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h. e os venres en horario de 09:00h a 14:00 horas, ou ben na páxina web de SEAGA (www.epSEAGA.com).

1.4. Admisión de candidatos.

Considéranse admitidos para o proceso selectivo todos os candidatos da lista previa de Capataz, no perfil profesional “Traballos Agroforestais” maiores de 18 anos no momento de publicación destas bases. Non obstante, non será convocado a este proceso selectivo o persoal de SEAGA que xa ocupe temporalmente un posto de traballo na mesma ou superior categoría para a realización de traballos relacionados coa Prevención/ Defensa/ Extinción contra Incendios Forestais.

De acordo co establecido nas bases xerais 2.2.1 a comisión de selección decidirá o número de candidatos a convocar ao proceso de selección.

1.5. Datos de carácter persoal.

Rexerase polo establecido nas bases específicas da categoría 1.5.

2. PROCESO SELECTIVO.

2.1 Experiencia e Coñecemento do Territorio.

Nesta fase, teráselle en conta ós candidatos a puntuación do baremo de méritos que determinou a súa orde de prelación nas listas previas da categoría profesional de Capataz, e que lles será computada de oficio por SEAGA. En este sentido, con respecto ao coñecemento do territorio, cómpre especificar que se valorará con 10 puntos a vinculación territorial do candidato cos ámbitos establecidos neste proceso, sempre que así quedase acreditada na lista previa definitiva

da categoría de capataz coa presentación do correspondente certificado de empadramento en algún dos concellos que integran o ámbito provincial.

2.2 Probas

O desenvolvemento das probas realizarase de acordo co disposto no apartado 2.2.4.3 das Bases Xerais para a Selección de Persoal Temporal de SEAGA. Os candidatos convocados que non comparezan ás mesmas, serán excluídos tanto do proceso selectivo ao que son chamados como do sistema de listas previas da categoría profesional, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio das probas, para o cal deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

2.2.1 Proba Física “Field Test”

Consistirá na superación dunha proba física que consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 Kg. ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos. Esta proba será única e común para tódalas categorías convocadas nos perfís de “Prevención/Defensa/Extinción de Incendios Forestais”. Os candidatos que non a superen serán excluídos do proceso selectivo, os candidatos que a superen acadarán unha puntuación adicional de acordo coa seguinte escala:

MULLERES	PUNTUACIÓN ADICIONAL	HOMES
TEMPO DE SUPERACIÓN DA PROBA (MINUTOS)		TEMPO DE SUPERACIÓN DA PROBA (MINUTOS)
Menor ou igual a 30' e maior a 29'	0 PUNTOS	Menor ou igual a 30' e maior a 28'30"
Menor ou igual a 29' e maior a 28'	5 PUNTOS	Menor ou igual a 28'30" e maior a 27'
Menor ou igual a 28' e maior a 27'	10 PUNTOS	Menor ou igual a 27' e maior a 25'30"
Menor ou igual a 27' e maior a 26'	15 PUNTOS	Menor ou igual a 25'30" e maior a 24'
Menor ou igual a 26'	20 PUNTOS	Menor ou igual a 24'

Esta proba será validada de oficio por SEAGA a aqueles candidatos que xa superasen a mesma o día 26 de abril de 2017 e que opten a unha mellora de emprego. No caso de que voluntariamente decidan realizala, non se efectuará dita validación.

Será requisito para a realización da proba física que os participantes aporten o día da mesma, certificado médico oficial ou informe de saúde, firmado e selado por un colexiado en exercicio, no que se faga constar que non presenta enfermidade nin discapacidade que impida a súa realización. Dito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de tres meses respecto a data de realización da proba.

Será obrigatorio que acuda á proba con zapatillas de deporte e non estará permitido correr durante a súa realización. O participante que corra durante a súa realización recibirá un único aviso, previo á expulsión, por parte dos membros da comisión ou do persoal colaborador na proba. Se despois do aviso o participante continúa a correr será expulsado da proba.

2.2.2 Proba Teórica (exame tipo test).

Valorarase ata un máximo de **20 puntos**, e consistirá na realización dun exame tipo test, cunha duración máxima de 1 hora, que versará sobre as seguintes materias:

- Lei 3/2007 do 09 de abril de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia.
- Plan de Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
- Física e Comportamento do Lume.
- Análise de Incendios Forestais e Planificación da Extinción.
- Técnicas e Medios para a extinción dos incendios forestais.
- Comunicaci3ns.
- Procedemento operativo.
- Prevención de Incendios Forestais.
- Funcionamento e mantemento de maquinaria forestal.
- Seguridade en Incendios Forestais. Equipos de Protecci3n Individual.
- Primeiros Auxilios.

As normas contidas no temario entenderase na súa versi3n actual.

2.3 Formaci3n Profesional Baremable.

Valorarase ata un máximo de **10 puntos**, a seguinte formación:

2.3.1 Formación en materia de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **0,5 puntos cada dez (10) horas lectivas ata un máximo de 3 puntos.**

2.3.2 Acreditación de estar en posesión do Título de “Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais”, cunha formación mínima de 50 horas.: **1 punto.**

2.3.3 Curso de “Conducción de Vehículos Todoterreo” cunha duración mínima de 30 horas, que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **1 punto.**

2.3.4 Cursos relacionados coa “Seguridade e Mantemento de Maquinaria Forestal” que se acreditarán mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **0,25 puntos cada dez (10) horas lectivas, ata un máximo de 1,5 puntos.**

2.3.5 Cursos relacionados co manexo de Sistemas de Posicionamento Xeográfico que se acreditarán mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **0,25 puntos cada dez (10) horas lectivas, ata un máximo de 1 punto.**

2.3.6 Formación en Xestión de Equipos Humanos que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **0,5 puntos cada dez (10) horas lectivas, ata un máximo de 1,5 puntos.**

2.3.7 Acreditación de estar en posesión do título de “Aplicador de Productos Fitosanitarios” (Nivel Cualificado): **1 punto.**

2.4 Desenvolvemento das probas selectivas.

Rexeranse polo establecido nas bases xerais 2.2.4.3.

2.5 Outorgamento de cualificacións.

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.2.4.4.

2.6 Desempate.

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.1.4.

A orde de actuación dos candidatos iniciárase alfabeticamente por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “K”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 20 de xaneiro de 2017 (DOG do 30 de xaneiro de 2017) e o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2017.

2.7 Lista de Agarda.

Rematada a cualificación dos candidatos convocados a través do sistema de listas previas, a comisión de selección publicará a relación de candidatos por orde de puntuación na páxina web de SEAGA.

Os chamamentos para cubrir as vacantes de persoal faranse segundo a orde de puntuación. No caso de que algún aspirante renuncie á contratación, continuarase o chamamento pola orde establecida e excluírase ó aspirante das listas previas da correspondente categoría segundo o recollido no punto 2.3.5 das bases xerais.

2.8 Reclamacións.

Dirixíranse ao director-xerente de SEAGA dentro do prazo de cinco días hábiles que se contarán dende a publicación na páxina web de SEAGA das listas provisionais de agarda.

3 COMISIÓN DE SELECCIÓN.

Rexeráse polo establecido nas bases xerais 2.2.4.1 e nas bases específicas 2.1.5 da convocatoria para o ingreso na lista previa na categoría correspondente.

4 RECOÑECIMENTO MÉDICO.

Os candidatos que figuran na lista de agarda deberán, previamente á súa contratación, realizar un recoñecemento médico obrigatorio. Os seus resultados serán vinculantes para a incorporación ao posto de traballo.

Os candidatos que non se presenten o correspondente recoñecemento médico, serán excluídos tanto do proceso selectivo ao que son chamados como do sistema de listas previas da correspondente categoría profesional, e decaerán de tódolos seus dereitos para a contratación, salvo os casos debidamente xustificadas e así apreciados pola comisión de selección.

Os candidatos que non superen o correspondente recoñecemento médico, serán excluídos do proceso selectivo pero continuarán nas listas previas da correspondente categoría profesional.

5 PERÍODO DE PROBA.

Para os traballadores contratados establecerase un período de proba segundo o regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e lexislación concordante.

6 DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Contra esta resolución, poderase efectuar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web de SEAGA, ante o Director-Xerente de SEAGA.

Santiago de Compostela, a 12 de maio de 2017.

O Director-Xerente



Asdo.- Pablo Arbones Maciñeira